

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I114	<i>Expediente</i> CON/30/2019	<i>Fecha</i> 27-08-19 09:45

Número 10 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á aprobación do expediente de prestación do servizo de cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de agosto de 2019 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 10 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁN RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CURSOS DE FORMACIÓN NO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO: BOMBEIROS DE NOVA INCORPORACIÓN E DE PROMOCIÓN INTERNA A SARXENTO; GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 22 de xullo de 2019, do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán. Así mesmo, do informe con observacións da Viceinterventora, número 2019/732 de data 21.08.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Gonzalo Muíños Sánchez**, concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadán e festas, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019

EXPÓN:

1. Con data 21 de xuño de 2019, o xefatura de servizo de extinción de incendios emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo cursos de formación no servizo de extinción de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG131114	<i>Expediente</i> CON/30/2019	<i>Fecha</i> 27-08-19 09:45

incendios e salvamento: bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento.

2. Coa mesma data, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

3. Tamén ese mesmo día, a concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o 18 de xullo seguinte, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Prestación do servizo cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG13I114	CON/30/2019	27-08-19 09:45

sarxento, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **46.000 euros** exento de IVE.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **060 13600 22606.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado **Prestación do servizo cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **46.000 euros**, exento de IVE.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **060 13600 22606.**

A CONCELLEIRA SECRETARIA SUBSTITUTA DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Mercedes Rosón Ferreiro

